

CEMITERIO SANSA

A morte remexe a vida

A superación da tradición rara vez se fixo dende o poder. Por iso se di que para avanzar hai que transgredir. Entón ... Bendito o pecado e o escándalo!! E ... malditos os que o fan necesario!! Non se decatan que os “escandalizadores” tamén sofren. Vivín esta experiencia en varias ocasións. Unha delas relativa á situación xurídica dos cemiterios que a Igrexa ten en Galicia, concretamente aos tres que estaban baixo a miña responsabilidade: San Sadurniño, Santa Mariña e Ferreira. Fixen canto puiden por que se deran algúns pasos. Esforzo e traballo baldío.

Debo dicir antes de nada que eu coidaba persoalmente o Campo Santo de San Sadurniño. Foi unha desas cousas curiosas e raras da miña vida. Poida que en toda Galicia non se dera outro caso así: o crego da Parroquia limpando e coidando o cemiterio. Tíñao como un xardín e iso que daquela había moita zona de céspede. Por Defuntos colocaba eu mesmo as luces naqueles nichos que a xente me pedía, recollendo despois os trebellos. Fixéramos a acometida da auga e da luz, e con dous cables separados instalámola por todo o tellado; tamén puxemos dúas farolas. Aclaro isto non para dar-me fachenda cando estou a falar dos mortos. Líbreme Deus de usar precisamente aquí a simpleza e a broma. Que quede claro.

Aínda que non deixa de ter graza que un deses días me pillara D. Jacinto Argaya (bispo daquela en San Sebastián) e a súa sobriña María José, vestido con mono, recortando a herba do cemiterio. Viñera a Ferrol con motivo da primeira Comunión de fillos da sobriña e, como eu non o fora saudar (mal feito pola miña parte), achegouse el para verme a min (!). O Bispo non saía do seu asombro cando me viu enfrascado nese traballo. Deulle unha aperta forte ao mono convencido que debaixo estaba Ramón. Pero máis graza ten que ao ano seguinte, cando volveu co mesmo fin a Ferrol, achegouse de novo a Sansa. Eu desta vez non sabía que andaba por Ferrol. Ao atoparme de novo enfaenado no cemiterio, confirmou o milagre e alí mesmo me quería canonizar, declarándome santo con mono e todo, á vista de tantos inconscientes. Para el isto era a testemuña máis grande da miña santidad. ¡Pobre de min! Cando o ía visitar a Donosti, sacaba a relucir as miñas proezas. E iso que non sabía que non cobraba unha cadela. Precisamente facíao así porque estaba convencido -e na miña vellez aínda o sego a estar ao colaborar con Cáritas- de que debemos aportar algo gratuitamente á comunidade. A min gratificábame esa aportación desinteresada. O problema maior era a falta de tempo. Os veciños sempre

colaboraron. Por Defuntos publicábanse as contas. Ao longo dos anos mercáranse dous “corta herba” e colléranse desa conta 81.133 pts. para completar as 500.000 que custara un reloxo con altofalante na torre que tamén servía para tocar nos enterros e cabodanos. Cando me fun da parroquia (agosto de 1990) nesa conta do cemiterio quedaban 491.121 pts.

Pero volvamos ao escándalo. Non me collía na cabeza que os curas (a Igrexa) seguiran coa responsabilidade dos cemiterios. Outro resto máis da Idade Media e dos tempos da Cristiandade! Os intentos de cambio durante a Segunda República de seguida se afogaron. Ademais, polos meus anos de Secretario de D. Jacinto, era ben coñecedor dos problemas e sufrimentos de moitos cregos por este motivo. Para máis INRI tiña ao lado o caso de Naraío no que non me vou deter. Detallo o que me pasou a min.

Acabárase no de San Sadurniño o espazo para edificar máis nichos nos laterais. Pero as necesidades seguían, porque a morte leva un verme dentro que non lle deixa parar. Cando tiña anotados uns 12, reúnoos para ver de dar solución ao problema. Idean que o mellor sería facer urnas no cadro que hai entrando á esquerda, e colocando dúas sobre da terra e unha debaixo. Contratan o albanel, comezan a preparar o terreo e escóitase de seguida o ruxe ruxe dos abellóns: “*Que están estragando o cemiterio*”. “*Non se pode consentir*”. As queixas chegaron ata min. Reúno aos interesados. Seguros da súa idea, acordamos convocar á Parroquia. Fíxeno. Era un domingo pola tarde. Ben se notaba nas caras que a guerra estaba declarada. Os bandos fóronse situando á dereita e á esquerda. Dixen unhas palabras para explicar o que se pretendía. Aclarei e remachei que eu persoalmente non tiña interese en ningunha das solucións, que o cemiterio “era deles”, que tiñan que ser eles os que tomasen as decisións... Insistín moito nisto. Non o facía soamente para sacar o morto de encima, se non porque cría que así debía ser. Non ben acabo de falar salta como unha chista a guerra fratricida. A que máis tiros disparaba contra o proxecto dos “ideólogos” era unha do Outeiro. Do outro lado capitaneaba Ramiro de Cornide. Saían estoupidos da dereita e rebotaban na esquerda. Foi tremendo. Hoxe penso que incluso os que estaban dentro dos nichos se asustaron máis se cabe. Que razón había para rexeitar con tanta rabia o proxecto?. É difícil de explicar!. Razóns: “*Que vai quedar moi feo un cemiterio tan guapo!!*”. “*Que lle ides quitar a vista aos nichos do fondo*”... Falar de guapo e feo, e de quitar vista precisamente no sitio onde estábamos non deixa de ser un sarcasmo, e declarármonos a guerra a morte ante tantos testemuñas mudos é unha broma macabra. Pero así foi. Este é o parte de guerra despois de máis de trinta anos.

E resultou que eu, sen comelo nin bebelo, estaba metido na trincheira recibindo tiros dos dous lados. Os ideólogos coñecían a miña debilidade para remediar a súa inqueda por saber onde repousarían os seus osiños. Os guerreiros sabían do meu aprecio polo decoro e o coidado dun lugar tan respectado. Todos pretendían que fora eu quen dirimira a cuestión e así ter a quen crucificar. Non quixen decidirme en firme por ningunha das opcións e, como castigo, recibín tiros dos dous bandos. De cando en cando, ao amainar o balbordo, deixaba caer: “*a min dáme o mesmo*”, “*decidide vós*”. Total, coma sempre, venceron os guerreiros e perderon os ideólogos. Paralizouse o proxecto. Pero, tamén coma sempre, os efectos da guerra continuaron.

Un deles foi a xenreira que quedou entre veciños. Outro, que me decidín a ampliar o cemiterio baixo a miña responsabilidade (¡escándalo!), sen solicitar permiso ao Bispado nin ao Axuntamento. Aí está esa ringleira de nichos unidos polo Nacente. A verdade é que ese apéndice non lle queda moi aló ao “fermoso” cemiterio; pero como non lle quita vista a ninguén ...O albanel contratista foi **Santiago Calvo** axudado por **Orestes de Corrás**. (Por certo unha tarde que pasou por alí **Honorinda de Hilario** coas vacas para o lindeiro díxolles toda convencida: “*E logo que!. Estadese facendo os secadoiros, eh?*”. Aínda que soe mal a ocorrencia, non deixa de ter sabenza popular). Para dar algo de unidade houbo que mercar dúas propiedades e, como nova porta de entrada, aproveitamos a de ferro que estaba na entrada do adro, preto da casa de Margarita do teléfono.(Hoxe bar).

Non rematou aí todo. Ao correrse a boa nova de que había sitio onde edificar nichos, chovían as peticións. Ías anotando nun caderno conforme aparecían. Por pura casualidade, despois do **Leiteiro da Portela** viñeron as **Neivas**. Así o puxen na lista. Pero cando chegou a hora de dicirlles o lugar que lles correspondía a cada quen, as Neivas puxeron o grito no ceo, encaráronse comigo asegurando que o fixera adrede para xuntar ao Leiteiro con elas, que iso era pura maldade.... Veume visitar Pepa. Viña alterada. Sacou da súa boca os osos que tiña cangados no estómago. Vomitou duro. Despois de escoitar tanta sandez e de amosarlle o lugar onde estaba anotada no caderno sen que entrara en razón, funme do recibidor pois cheiraba demasiado tanta porcallada. E alí ficou ela rosmando ata que se cansou e se foi. Pero, como era veciña, había que seguila vendo todos os días. Con todo, dende aquela aforramos a saliva que se gasta no saúdo; e o nicho que estaba anotado para elas acabou sendo para outro.

Máis ou menos por aquelas datas redacto un breve escrito dirixido ao Consello Presbiteral Diocesano. Nel expoño que se dean pasos para que a

Igrexa deixe de ter a responsabilidade dos cemiterios. Firmárono outros catro ou cinco compañeiros. Non serviu para nada. Máis adiante, estando **Uxío García Amor** de Administrador Diocesano, un día parou a saudarme. Desde a Reitoral viu o cemiterio e quixo visitalo. Indo polo camiño, volvíu coa miña teima de que era algo sen sentido a situación actual, que ademais os cemiterios eran “un queima curas”. O bo de Uxío ao escoitarme, púxome a man sobre o ombreiro e dixo: “*un queima curas, un queima Vicarios e un queima Bispos*”. Espeteille todo serio: “*Pois somos idiotas*”.

OBISPADO DE
MONDOÑEDO-EL FERROL DEL CAUDILLO
ADMINISTRACION DIOCESANA

Por las presentes, AUTORIZAMOS al Rvdo. D. Ramón Díaz Raña, Cura Ecónomo de San Saturnino, para que pueda proceder a la venta de la finca -en otro tiempo destinada a cementerio-, sita en la carretera L.C.-111 a la feria de San Saturnino, margen derecha, de una superficie de 468 m2, cercada en su propia muralla, y por un precio no inferior a treinta y cinco mil (35.000' -) pesetas y libre de todo gasto administrativo.

Para que así conste a los efectos consiguientes, expido y firmo la presente autorización en
El Ferrol del Caudillo, a 6 de Marzo de 1.973

EL OBISPO

Miguel A. Araújo (Rubricado)

//ES COPIA del original//

O cemiterio actual foi edificado no 1959 por Manuel Alves Gil e Manuel Rico García, sendo Párroco D. Francisco Caldas Lara. Custou 83.700 pts. Cando cheguei á Parroquia, o cemiterio vello estaba feito unha selva. Completo abandono. Pegada á súa parede e pretiño do bar de Senén tiña a famosa Pepita de Villar a súa garita na que vivía con moita fachenda. Ninguén que a vira por Ferrol ou nas excursións do Teleclub se imaxinaba onde vivía a recachada de Pepita.

O capataz **Manuel Pedrido** estaba encima de min -co pesado que era o bendito Pedrido!- insistindo que lle regalara ou vendera a finca do vello cemiterio. Veu verme infinidade de veces acompañado da súa muller (santa Brígida, que merecediño tes o ceo); outras veces tropezaba con el nos bares

acompañado dun mal veciño que lle mareaba a cabeza. Daquela tiña que aguantar a Pedrido e ao veciño. A teima era sempre a mesma. Tanto me cansou que fomos os dous ao bispado a expoñer o tema. Chegouse ao acordo de venderllo por 35.000 pesetas. E alí edificou a casa, que para os que non o saiban é a que está pasando o cine. Con toda razón houbo disques e redisques con este motivo. Todo mo contou daquela un ratiño que, despistado, entrou na Reitoral. Díxome que era testemuña porque o escoitara desde as silveiras. E un paxariño tamén me veu contar que algo malo lle ía pasar ao mercador porque solares dese estilo encerran moito misterio e moita enerxía. Non lle fixen caso. Pero Pedrido vivía daquela na Casilla de Peóns Camioneiros de Cornide e era capataz da zona. Quizabes que coa “súa” autoridade puidera indicarlle a algúns dos “seus” camións que ían cargados de caramelos que os envorcaran no solar onde ía edificar a casa. Así os gastos da construción resultarían menos amargos. Non o sei. Cos cartos da venda e algúns máis, que agora non lembro de onde viñeron, fixen o estropicio da obra nova que hai no mosteiro no esquinal que da precisamente ao cemiterio. Faena da que algún día contarei algo, se non canso antes.

Ramón Díaz Raña